

LECTURA

Super PEPO, que queres ser de maior?



Cando a profe escribiu no encerado o tema sobre o que tiñamos que facer a nosa redacción de lingua quedei paralizado: ***Que queres ser de maior?***

Moitas veces fixéranme esa pregunta pero nunca soubera respondela:

- Supoño que queres ser futbolista como todos os nenos da túa idade. A que si, Pepo?, dicíame sempre Luisa, a veciña da miña avoa.

A min gustábame xogar ao fútbol no recreo pero, a verdade, é que había outras cousas que me interesaban máis. En cambio, a miña amiga Irene si que o tiña claro, dende os oito anos xogaba no equipo do cole e soñaba con marcar un gol nun estadio enoorme diante de miles de persoas!

Non obstante, cando un día no patio nos contou o seu sono, Nacho e Diego empezaron a rir:

- Ti? Pero se es unha nena! Ese sono nunca se cumprirá. Os mellores futbolistas son todos homes iso sábeo todo o mundo!

- ¡Iso é mentira!, dixo Irene, e marchou correndo.

Eu sabía que, aínda que parecese enfadada o que lle pasaba era que estaba triste porque non era a primeira vez que lle dicían iso de que o fútbol non era para as nenas.

Aquel día quedei moi preocupado por ela e acordeime dese momento ao pensar na redacción:

- ... É que antes de contestar que queremos ser de maiores temos que pensar en se somos nenos ou nenas? É que hai profesións para nenos e profesións para nenas? Onde está escrito iso?...



Pola tarde, ao chegar á Escola de Superheroes conteille á miña profe o que pasara e pedinlle que me axudase. Ela explicoume que, aínda que xa non é igual que hai anos, entre as mulleres e os homes segue habendo aínda diferenzas e por iso, ás veces, as mulleres non teñen as mesmas oportunidades:

- Por exemplo Pepo, sabes que en moitos lugares do mundo as nenas non poden ir ao colexio porque teñen que encargarse das tarefas da casa e de coidar a súa familia? Imaxínaste como son as súas vidas sen saber ler nin escribir?, como cres que será o seu futuro?

Pero tamén che digo que hai moitas mulleres Superheroes que loitaron para que isto cambie. aconséllоче que busques no Arquivo de Superheroes, alí encontrarás moitos exemplos.


- O Arquivo de Superheroes! Pero, aí só poden entrar os Superheroes do último curso!

- Dareiche a miña autorización. Creo que o teu traballo é algo moi importante e o que encontrarás alí axudarache moito.

A profe deume unha clave de acceso e todas as instrucións que debía seguir.

- Grazas profe! Saín a toda présa para alá.






O arquivo estaba no soto da escola, a información que alí se gardaba era moi valiosa por iso estaba tan protexido. Para entrar tiña que marcar nun teclado a clave que me deran, como nas pelis! Estaba moi emocionado porque era o primeiro da miña clase en estar alí.

Unhas portas como as dun ascensor abríronse e encontreime con algo alucinante!: ese lugar era enorme, ninguén podía imaxinar que aí abaixo existise algo así. Unha pantalla xigante de ordenador, que servía para buscar a información, colgaba do teito e arredor había un montón de arquivos con miles de fichas de Superheroes.

Lin historias de moitas mulleres valentes que fixeran por primeira vez cousas que antes só fixeran os homes: mulleres científicas, escritoras, políticas...que sufriron moito ata conseguir cumprir os seus sonos.

- **Creo que encontrei o que buscaba para facer a redacción xa teño a resposta!**



Ao día seguinte, cando saín ao encerado a ler o meu traballo tremíanme ata as orellas, tiña medo de que a profe me puxese un cero como un roscón de Reis porque, aínda que fixera a miña redacción, seguía sen contestar que quería ser de maior...

Empecei a ler:

- ... ¿QUÉ QUIERES SER DE MAYOR? Mi respuesta es que no lo sé...

A profe miroume cunha cara un pouco rara pero non dixo nada e seguiu escoitando. Conteilles todo o que descubrira no Arquivo de Superheroes, faleilles de moitas nenas que nunca puideron elixir que querían ser de maiores e de todas as mulleres que foron auténticas superheroes e atreveronse a loitar por conseguir facer o que querían, aínda que moitas persoas non llelo puxesen doado. E rematei dicindo:

- ... anque que aínda non sei que quero ser de maior, sei que o máis importante é que me esforce por conseguir cumprir os meus sonos e, ademais, aprendín que todos os nenos e as nenas podemos facer as mesmas cousas e que non hai sonos de nenos e sonos de nenas, os sonos son de todos.

A profe felicitoume e díxome que era moi importante o que dicía a miña mensaxe. Mirei a Nacho e Diego pero puxéronse moi colorados e baixaron a cabeza. Dende entón nunca máis volveron rirse de Irene cando contaba en alto o seu sono de ser futbolista. É unha nena moi valente, unha auténtica Superheroe e eu sentíame moi orgulloso de ser o seu amigo.

- E CALES SON OS VOSOS SONOS, FUTUROS SUPERHEROES?

Recordade sempre que os auténticos Superheroes non conseguen sempre todo o que queren á primeira, pero non se renden, seguen intentándoo, e... así conseguen ser cada vez máis fortes!!

